

VALORACIÓN DAS NECESIDADES DE MÉDICOS/AS PARA O SISTEMA SANITARIO DE GALICIA

**Análise de baixas agardadas e Facultativos Especialistas
que finalizan a súa formación no Servizo Galego de Saúde
durante o período 2025-2037**



XUNTA DE GALICIA

Edita:

Consellería de Sanidade. Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Lugar e ano de publicación:

Santiago de Compostela, 2025

Maquetación:

Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Autoría:

Olga Patricia Blanco Vázquez

Servizo de Planificación e Ordenación Sanitaria

M^a Carmen Blanco Ramos

Servizo de Planificación e Ordenación Sanitaria

Rey Tristán, M^a Jesús

Subdirección Xeral de Planificación Sanitaria e Aseguramento.

López Linares, Sofía

Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

Colaboración:

Mercedes Conde Amboage

Centro de Investigación e Tecnoloxía Matemática de Galicia (CITMAGA) USC

Título:

Valoración das necesidades de médicos/as para o sistema sanitario de Galicia. Análise de baixas agardadas e facultativos especialistas que finalizan a súa formación no Servizo Galego de Saúde durante o período 2025-2037.

Dispoñible en:

VALORACIÓN DAS NECESIDADES DE MÉDICOS/AS PARA O SISTEMA SANITARIO DE GALICIA

Análise de baixas agardadas e facultativos especialistas que finalizan a súa formación no Servizo Galego de Saúde, durante o período 2025-2037

Consellería de Sanidade.

Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria.

23 de abril de 2025

INTRODUCCIÓN.

O obxectivo deste informe é estimar a necesidade de médicos/as para o sistema sanitario de Galicia a medio prazo, poñéndoa en relación coas necesidades de formación universitaria e a especializada en ciencias da saúde, que comezaría unha vez rematado o período anterior.

Como elemento de xuízo para a toma de decisións en canto á oferta, realizouse un estudo tendo en conta a presente proxección de baixas agardadas por todos os conceptos no sistema sanitario público de Galicia, no período que abrangue dende o ano 2025 a 2037. A análise doutros factores -como poden ser cambios organizativos, modificación de programas sanitarios, a evolución tecnolóxica, o desenvolvemento e necesidades do ámbito de medicina privada, ou mesmo as propias necesidades e demandas da cidadanía- de xeito independente ou combinado, podería modificar as conclusións deste estudo baseado de xeito principal no cálculo de necesidades con base na idade dos profesionais que conformen o sistema sanitario público de Galicia.

CRITERIOS APLICADOS NOS CÁLCULOS.

- **Situación do cadro de persoal:** Pártese da situación dos facultativos vinculados a centros do Servizo Galego de Saúde en febreiro de 2025. Quedan fóra deste cálculo os especialistas que traballen de xeito exclusivo no sector privado.

Considéranse os especialistas con vinculación activa, isto é, os que están desenvolvendo na data de referencia actividade asistencial. A fonte de datos é o Sistema de Información de Análise Complexa de Recursos Humanos (SIAC-RH) da Consellería de Sanidade.

- **Xubilacións:** Aplícase a normativa vixente de cálculo da idade mínima de xubilación, idade que se vai incrementando cada ano ata alcanzar os 67 anos no 2027.

A estimación do ano de xubilación de cada profesional realízase considerando a idade máxima de xubilación de 70 anos.

Estímase a probabilidade anual de solicitar prórroga, unha vez acadada a idade mínima de xubilación, dun 64.59% no caso de atención hospitalaria e dun 64.23% nos profesionais vinculados á atención primaria. As estimacións das probabilidades de prórroga en ambos os casos foron obtidas como a media das porcentaxes de prórrogas rexistradas entre os anos 2017 e 2024, segundo os datos facilitados polas propias Áreas Sanitarias do Sergas.

Ao grupo de 221 profesionais médicos do Sistema Público de Saúde de Galicia vinculados a entidades adscritas á Consellería de Sanidade -Axencia Galega de Sangue, Órganos e Tecidos (ADOS), Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia (O61), Galaria, Fundación Pública Instituto Galego de Oftalmoloxía (INGO)- aplícase unha estimación da probabilidade anual de solicitar prórroga de 64,41% (media da probabilidade anual de solicitar prórroga entre os profesionais de atención primaria e de atención hospitalaria), dado que non se dispón do dato real neste colectivo.

- **Outros motivos de baixa:** Para o cálculo doutros motivos de baixa do sistema, ademais das xubilacións (producidas antes da data esperada), téñense en conta invalidez, defuncións e excedencias. A probabilidade de baixa por estes motivos estímase ano a ano, baseándose no histórico de baixas do período 2016-2024. Aplícase un redondeo, tanto no resultado de baixas por xubilación como na estimación de baixas totais (no caso de que unha especialidade dispoña de menos de 10 baixas por estes motivos aplícase a probabilidade xeral de todas as especialidades).
- **Profesionais en formación:** Proxectase o ano de finalización con base na duración da especialidade e considerando que non se producirán abandonos.

A partir do ano 2030, e dependendo da duración da especialidade, estímase os profesionais formados tendo en conta a última oferta de prazas de Formación Sanitaria Especializada (FSE) 2024 - Acceso 2025.

RESULTADOS.

Tendo en conta que se pretende avaliar as necesidades de formación de médicos a partir do curso 2025/26, coa finalidade de substituír as futuras baixas de facultativos especialistas e que, maioritariamente estes profesionais deberán desenvolver unha especialidade para poder incorporarse ás prazas do sistema sanitario galego, deberase poñer o foco de xeito especial no horizonte temporal a partir do ano 2036 ou 2037 (grao + especialidade, segundo sexa de catro ou de cinco anos).

A Figura 1 amosa a proxección do número total de baixas agardadas de facultativos médicos (xubilación+outros motivos), de acordo cos criterios expostos no apartado metodolóxico. Con este cálculo, que sobrepondera un pouco o número total de baixas, compensaríanse as necesidades de médicos excluindo o sector privado, non considerado no estudo.




Figura 1. Estimación do número total de baixas agardadas no Servizo Galego de Saúde a longo dos vindeiros anos.

Os informes presentados en anos previos constataban unha redución progresiva no número de baixas agardadas por debaixo dos 300 facultativos/ano, produto da diminución gradual da idade media dos profesionais do Servizo Galego de Saúde. Na Figura 1 obsérvase esa redución a partir do ano 2028.

Por outra banda, debido ao incremento de prazas de FSE ofertadas nos últimos anos para paliar o déficit de especialistas, fundamentalmente en Medicina Familiar e Comunitaria e Pediatría de AP, así como as necesidades de determinados facultativos especialistas de área (anestesia, medicina preventiva, etc.), o número de altas previstas no sistema viuse incrementado progresivamente. Na última convocatoria 2024-2025 ofertáronse, en Galicia, 505 prazas para facultativos médicos/as.

A Figura 2 reflicte a evolución temporal estimada de baixas por xubilación e de baixas totais de facultativos confrontadas co número de profesionais formados, para o período 2025-2037. Dende o ano 2030 trabállase coa hipótese de que a última oferta de FSE (2024-2025) se mantivese no tempo durante os anos de estudo. Partindo desta premisa, dende o ano 2028 produciríase un desequilibrio manifesto entre as baixas agardadas e os profesionais formados. Nótese que a estimación do número de baixas non motivadas por

xubilacións se mantén moi estable, en torno aos 40 facultativos ao longo de todo o período de estudo.




Figura 2. Evolución temporal do número de profesionais formados así como da estimación do número de baixas (por xubilación e totais), ao longo dos vindeiros anos.

En relación á especialidade de **Medicina Familiar e Comunitaria**, a situación é similar á anteriormente comentada para o total de facultativos, tal e como se amosa na Figura 3. Destaca negativamente o feito de que as estimacións das baixas por xubilación sexan superiores ou levemente inferiores ao número de novos profesionais formados nos 4 primeiros anos de estudo.




Figura 3. Evolución temporal do número de profesionais formados así como da estimación do número de baixas (por xubilación e totais) ao longo dos vindeiros anos, na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria.

É importante sinalar que, a pesar de ter incrementado o número de prazas FSE ofertadas na especialidade de Medicina Familiar e Comunitaria, dende o ano 2023, un número significativo delas quedaron sen adxudicar. En concreto, en Galicia quedaron vacantes 39 prazas na adxudicación 2023 e 42 prazas na adxudicación 2024. Esta circunstancia pode ter a súa orixe nun problema estrutural que combina múltiples factores e non é obxectivo deste informe, pero cabe facer a reflexión de que podería valorarse, entre as súas causas, unha formación universitaria pouco orientada a poñer en valor esta rama. De seguir esa situación, as estimacións previstas a partir do ano 2029 poderían resultar diferentes ás que se presentan neste estudo. Esta situación ven expresada coa liña punteada nas figuras 2 e 3.

CONCLUSIÓNS

✓ Tanto a oferta de grao como a de FSE deben ter en consideración, como elemento de valoración, as necesidades do sistema sanitario. Polo tanto, a formación de futuros médicos debería tender a achegarse ás cifras de baixas previstas para o período analizado.

✓ De acordo cos datos analizados e coa metodoloxía utilizada, neste estudo estímase que as baixas previstas no sistema sanitario público para o período no que rematen o grao os futuros egresados de medicina estarán por debaixo dos 300/ano.

✓ A oferta de prazas de FSE para facultativos médicos nos últimos anos en Galicia foi aumentando ata chegar ás 505 prazas actuais. Non obstante, hai que ter en consideración a existencia de prazas vacantes non adxudicadas nas dúas últimas convocatorias, circunstancia que podería manterse no tempo.

✓ De xeito xeral, como conclusión deste estudo, poderíase determinar a necesidade de prazas no grao de Medicina nun rango mínimo de 300 e máximo de 400 prazas.

✓ Esta análise non ten en conta cambios nos modelos organizativos que se puidesen producir, tanto no sistema sanitario coma no sistema de xubilacións¹, que puidesen modificar nun futuro as necesidades de determinadas especialidades de xeito puntual, máis alá da mera reposición do cadro de persoal. En todo caso, nun sistema consolidado como o noso, este tipo de modificacións non deberían implicar importantes variacións nas estimacións.

¹ *Real decreto lei 20/2022, do 27 de decembro, que modifica o texto refundido da Lei da Seguridade Social, para contribuír a paliar o déficit dos facultativos de atención primaria no Sistema Nacional de Saúde, médicos/as de familia e pediatras, permitindo a actividade destes/as profesionais xubilados/as, pola que poderán seguir traballando a tempo completo ou a media xornada á vez que perciben o 75% da súa pensión de xubilación, durante o período 2023-2025.*



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA
DE SANIDADE